

Venres, 6 de outubro de 2017

Núm. 193

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

*CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI IV-01 SAN ROQUE "A",
BARRIO DE RIBADAVIA, CONCELLO DE VIGO*

ORGANISMO AUTÓNOMO "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO"

ANUNCIO da contratación das obras de urbanización do PERI IV-01 San Roque "A" (Barrio de Ribadavia).

1. *Entidade adxudicadora:* "Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo", Servizos Centrais. Nº de expediente 9.895/407.

2. *Obxecto do contrato:* obras de urbanización do PERI IV-01 San Roque "A" (Barrio de Ribadavia). Lugar de execución: Vigo. Prazo de execución: 4 meses.

3. *Tramitación e procedemento:*

3.1.—Tramitación: ordinaria.

3.2.—Procedemento: aberto.

4. *Orzamento base:* 327.729,69 € (IVE 21% incluído).

5. *Garantías provisionais:* non se esixe.

6. *Obtención da documentación e información:* www.vigo.org (perfil do contratante). Teléfono: 986.810346. Correo electrónico: urb.scentrais@vigo.org. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. *Requisitos específicos do contratista:*

a) *Acreditación da solvencia económico-financeira.*—Por un dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.
- Clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 2.

b) *Acreditación da solvencia técnica.*—Por un dos seguintes medios:



Venres, 6 de outubro de 2017

Núm. 193

- Unha relación das principais obras ou traballos realizados nos últimos dez anos, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado dos mesmos, por importe igual ou superior ó prezo do contrato.
- Clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 2.

8. *Presentación de ofertas:* o prazo remata ós 26 días naturais seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG (26 días respecto ó último publicado). Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 7 das follas específicas da contratación (FEC) do propio prego. Lugar de presentación: Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo (Praza do Rei s/n, ata as 13:30 horas do último día de prazo ou nas formas previstas na cláusula 12ª).

9. *Apertura das ofertas técnica e económica (entidade, domicilio e localidade):* véxase o punto 6 do anuncio (a data e hora anunciarase no perfil do contratante).

10. *Páxina web para a obtención de información:* www.vigo.org.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Presidente. P.D. (Delegación 6.07.2015) María José Caride Estévez, Vicepresidente.

